



---

# PLAN DE FORMACIÓN E ASESORAMIENTO EN CENTROS

**C.E.I.P. RAQUEL CAMACHO  
A CORUÑA**

**COORDINADOR: Eduardo R. Rodríguez  
Machado**

**Email: [upa@edu.xunta.es](mailto:upa@edu.xunta.es)**

**Curso: 2011-2012**

---

# PROXECTO DE FORMACIÓN E ASESORAMENTO NO C.E.I.P. RAQUEL CAMACHO

## 1.- TÍTULO

No curso académico 2011/2012 o profesorado do C.E.I.P. “Raquel Camacho” de A Coruña pretende levar adiante un proxecto de formación e asesoramento no centro coa temática de **“Emprego da Aula Abalar: Ferramentas e aplicación na Escola 2.0.”**.

## 2.- XUSTIFICACIÓN

A presenza nas aulas de novos aparellos tecnolóxicos non garante que se produzan dinámicas de innovación e mellora do ensino polo feito mesmo de estar presentes. Son as aplicacións ou os usos que fagamos delas, a que realmente provocan os devanditos cambios.

Como coméntanos Área (2006), parécenos indispensable sinalar que sen unha boa aposta pola formación dos formadores (profesores, titores e directivos) nas TICs, adaptada á forma de ser e de traballar do sector do ensino, de pouco van a servir os hipotéticos miles de millóns ministeriais, autonómicos ou privados investidos na introdución de Internet nos centros educativos non universitarios. É esencial unha aposta pola formación tecnolóxica, que comporte, ademais, unha metodoloxía de apoio para que o docente poida evolucionar desde o seu rol de transmisor de coñecementos a filtrador e guía na interpretación dos mesmos. O TIC e Internet deben ser un medio e non unha fin no proceso formativo, por outra banda, non teñen por que restar protagonismo á profesión docente, aínda que si vai a modificar o papel tradicional de profesor e alumno e incluso da institución educativa. A sobreabundancia de información e os seus constantes cambios poden expoñer máis problemas que a escaseza ou estabilidade da mesma. Ademais, as fontes de coñecementos xa non lle van a asociar exclusivamente cos profesionais do ensino, senón coas ferramentas tecnolóxicas.

Con todo isto preséntase un proxecto para introducirmos e profundizar no uso e manexo das TICs é para nós un reto constante e unha obriga: sabemos que a nosa sociedade está a cambiar a un ritmo vertixinoso, e que os nenos e nenas de hoxe deberán realizar traballos e empregar ferramentas que non existen na actualidade. Como docentes, non podemos (nin queremos) traballar de costas a ela. Non temos excusas. Para innovar e para integrar, o único que necesitamos é formación, axuda, e, sobre todo, tempo. Tempo para asumir os cambios e tempo

para investir en novas propostas educativas. Por outra banda os recursos técnicos teñen para nós a importancia xusta xa que os entendemos como medios e non como fins. Comezamos este proxecto tendo en conta as dificultades de partida pero, sobre todo, apostando polas oportunidades que nos pode amosar que outra escola é posible.

### **3.- OBXECTIVOS DE FORMACIÓN E DE REPERCUSIÓN NA PRÁCTICA DOCENTE**

A educación, entendida como actividade social que pretende lograr que os alumnos/as alcancen unha formación integral, un nivel de autonomía satisfactorio e que prepara ós rapaces para integrarse no seu ámbito sociocultural, debe ver nas TICs unha vía máis para acadar o seus obxectivos.

A función principal do profesorado consiste en aproximar –gradualmente- o alumnado aos temas controvertidos, achegando informacións ao seu alcance e orientando as súas investigacións.

#### ***Obxectivos Xerais***

- Familiarizarse e coller soltura con todos os compoñentes da aula abalar: pizarra dixital, netbook, carro, servidor, etc.
- Levar a cabo todos os protocolos de uso de calquera compoñente da aula abalar.
- Analizar o uso e posibilidades didácticas da Aula Abalar.
- Utilizar as TIC para buscar, localizar, avaliar e recuperar información a partir dunha gran diversidade de fondos.
- Utilización con soltura por parte dos docentes das ferramentas ofimáticas de uso común, así coma dos recursos existentes en internet (portais (Abalar, Agrega2, descargas, weblog, wiki, jcllic,...) e optimizar a súa capacidade redifusión a comunidade educativa.
- Aprender a implementar aplicacións Web 2.0 a partir de experiencias prácticas.
- Traballar coas TICs como medio para usar, de xeito interactivo, os recursos da Web na práctica docente con un grupo-clase.
- 

#### ***Obxectivos específicos***

- Actualización e adquisición por parte do profesorado duns coñecementos teóricos e prácticos en relación coas TICs.
- Fomentar o traballo en grupo.
- Elaborar materiais didácticos.
- Seleccionar programas e materiais informáticos educativos que poidan axudar ó profesorado na aprendizaxe da materia a traballar.

- Introducir as TICs no ensino de forma xeneralizada e innovadora, analizando os cambios que supoñen para o profesor, como mediador nos procesos de ensino-aprendizaxe.
- Coñecer os riscos e posibilidades educativas das TICs na súa utilización pedagóxica.
- Contribuír a eliminar a “brecha tecnolóxica” no profesorado do centro, incorporándoos ao uso habitual da web do centro, , potenciando o uso dos EDI.
- Impulsar a creación dun sistema de recollida e análise de información sobre as TIC.
- Iniciar no coñecemento e manexo dos novos recursos tecnolóxicos.
- Proporcionarlles aos profesionais da educación a formación que lles permita avanzar na comprensión da natureza deste fenómeno e no coñecemento de procedementos e estratexias que contribúan á súa mellora.
- Valorar a utilidade Internet no desenvolvemento profesional do profesorado.
- Manexar e utilizar internet nas diversas materias de ensino-aprendizaxe tanto na búsqueda de información coma no seu tratamento posterior para a realización de traballos por parte do alumnado e preparación de material didáctico por parte do profesorado.
- Uso de Internet, correo electrónico, foros de discusión e descarga e descompresión de arquivos dos Notebook.
- Analizar as posibilidades didácticas dos recursos e dos servizos de Internet para a áreas do profesorado do PFAC.
- Desenvolver actitudes de traballo compartido en colaboración.

### **3. CONTIDOS E ACTIVIDADES**

- Introducción á competencia dixital e repercusión na aula Abalar. Escuela 2.0. e Proxecto Abalar. Reflexións xerais e toma de decisións cara ao noso proxecto. (2 horas)
- As aulas ABALAR, o material disponible a súa organización, coñecementos básicos. Software e hardware co que se vai traballar. (2 horas)
- Deseño de protocolo de uso e responsabilidades das aulas Abalar: organización espacial, temporal, reparto de responsabilidades do proxecto e nas aulas. (2 horas)
- Introducción ó sistema operativo linux coa distribución ubuntu. (2 horas)
- Os netbook e o sistema operativo GNU/Linux- Ubuntu. (2 horas)
- Aplicacións e programas educativos instalados nos netbook. ( 2 horas )
- Elementos da aula Abalar: conectividade básica e solución de incidencias. (2 horas)
- Manexo do encerado dixital interactivo. (2 horas)
- Manexo básico de software libre: Paquete ofimático (OpenOffice), editor de imaxes (Gimp), editor de audio (audacity). (2 horas)

- Manexo de recursos didácticos que xa estean no servidor ou que se atopen en internet. (2 horas)
- Análise de experiencias de boas prácticas. (2 horas)
- Toma de decisións didácticas para incorporar os recursos das aulas Abalar ás programacións didácticas e ao estudo sobre pequenos proxectos colaborativos. Integración de tarefas e actividades TIC nas programacións de aula. (2 horas).
- Posibilidades didácticas do encerado dixital interactivo. SMART, elaboración de material.. (6 horas).
- Busca e catalogación de recursos educativos en Internet (Agrega, Abalar...). (2 horas)
- O servidor de centro Abalar e a súa xestión educativa. (4 horas)

#### Ferramentas Educativas WEB 2.0. (8 horas)

- Para expresarse, crear e publicar: Blogger, Wordpress, Wikis...
- Para publicar e buscar información: Youtube, Google Video, Picassa, Flickr, Scribd, Slideshare, MisterWong, Del.icio.us,...-
- Para acceder as novidades rapidamente: Google Reader, RSS, Google+, tuenti, Ning...
- Plataformas multiareas: igoogole, zoho,...
- Plataformas de teleformación: moodle...
- Proxecto REDETIC, proxecto Agrega2...
- - Coñecemento e uso da intranet e de internet.
  - Posta en marcha, xestión usuarios.
- Recursos formativos para a tecnoloxía na rede. Estrutura lóxica e física da rede:
  - Utilización de recursos na rede, descargas, adobe acrobat, flash, weblog... e a súa utilización didáctica, búsqueda de información e avaliar a súa calidade...
  - Familiarización cos principios básicos para o traballo con diferentes tipos de ficheiros de media (imaxe, audio, video e texto), así como cos formatos txt, rtf, gif, jpeg, wav, mp3, avi e mov. Así como para a súa visualización Windows Media Player, QuickTime. Real Player..
  - Introducción ó emprego do ordenador na elaboración de material didáctico a través Webquest e EDILIM para realizar creación e modificacións de actividades (crucigramas, sopa de letras, imaxes, actividades de texto, asociacións...). miniquet, webquest e cazas do tesouro.( 4 horas )
  - Elaboración da memoria do grupo de traballo e recopilación dos materiais elaborados. ( 2 horas).

#### 4. COMPETENCIAS BÁSICAS A TRABALLAR

A partir dos obxectivos xerais sobre os que se articula a competencia básica TICs:

- Acadar as capacidades para desenvolverse individualmente e socialmente na sociedade da información.
- Explotar o potencial das TICs en todas as áreas e ámbitos do ensino e a aprendizaxe.
- Utilizar as TICs para dar soporte a obxectivos educativos xenerais, como agora o desenvolver actitudes positivas para a aprendizaxe, mellorar a presentación dos traballos, as actitudes inquisitivas de busca e de resolución de problemas, de aprender colaborativamente e traballar en equipo.
- Aproveitar os novos contornos de comunicación para participar en comunidades de aprendizaxe.

#### 5. TEMPORALIZACIÓN.

As actividades levaráanse a cabo ao longo de 50 horas de formación, distribuídas nos tres trimestres do curso 2011-2012:

50 horas	Outubro-Maio Curso 2011-12
<u>7 sesións</u>  <i>Luns 24 de Outubro ,7, 14, 21 novembro e 5, 12 e 19 decembro de 2 horas</i>  <i>Total= 14 h</i>	Organización, distribución do material a traballar no PFAC segundo ás características e o nivel do profesorado.  Cuestionario de avaliación inicial do profesorado.  Inicio das actividades, equipamento aula abalar.  Introducción á competencia dixital e repercusión na aula Abalar. Escuela 2.0 e Proxecto Abalar. Reflexións xerais e toma de decisións cara ao noso proxecto.  Deseño de protocolo de uso e responsabilidades das aulas Abalar: organización espacial, temporal, reparto de responsabilidades do proxecto e nas aulas.  Elementos da aula Abalar: conectividade básica e solución de incidencias.  As aulas ABALAR, o material disponible a súa organización, coñecementos básicos. Software e hardware co que se vai traballar.

	<p>Introdución ó sistema operativo linux coa distribución ubuntu</p> <p>Os netbook e o sistema operativo GNU/Linux- Ubuntu.</p> <p>Aplicacións e programas educativos instalados nos netbooks</p>
<p><i>14 sesións de xaneiro a maio, de 2:30h por semana (luns).</i></p> <p><i>Total= 35 h</i></p>	<p>Manexo do encerado dixital interactivo.</p> <p>Manexo básico de software libre: Paquete ofimático (OpenOffice), editor de imaxes (Gimp), editor de audio (audacity).</p> <p>Manexo de recursos didácticos que xa estean no servidor ou que se atopen en internet.</p> <p>Análise de experiencias de boas prácticas.</p> <p>Toma de decisións didácticas para incorporar os recursos das aulas</p> <p>Abalar ás programacións didácticas e ao estudo sobre pequenos proxectos colaborativos. Integración de tarefas e actividades TIC nas programacións de aula.</p> <p>Posibilidades didácticas do encerado dixital interactivo. SMART, elaboración de material.</p> <p>Busca e catalogación de recursos educativos en Internet (Agrega2, Abalar...).</p> <p>O servidor de centro Abalar e a súa xestión educativa.</p> <p>Ferramentas Educativas WEB 2.0.: <i>Para expresarse, crear e publicar: Blogger, Wordpress, Wikis...Para publicar e buscar información: Youtube, Google Video, Picassa, Flickr, Scribd, Slideshare, MisterWong, Del.icio.us,...- Para acceder as novidades rapidamente: Google Reader, RSS, Google+, tuenti, Ning...</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Plataformas multiareas: igoogole, zoho,...</li> <li>- Plataformas de teleformación: moodle...</li> <li>- Proxecto REDETIC, proxecto Agrega2...</li> <li>- - Coñecemento e uso da intranet e de internet. <ul style="list-style-type: none"> <li>- Posta en marcha, xestión usuarios.</li> <li>- Recursos formativos para a tecnoloxía na rede. Estrutura lóxica e física da rede:</li> </ul> </li> <li>- Utilización de recursos na rede, descargas, adobe acrobat, flash, weblog... e a súa utilización didáctica,</li> </ul>

	<p>búsqueda de información e avaliar a súa calidade...</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Familiarización cos principios básicos para o traballo con diferentes tipos de ficheiros de media (imaxe, audio, video e texto), así como cos formatos txt, rtf, gif, jpeg, wav, mp3, avi e mov. Así como para a súa visualización Windows Media Player, QuickTime. Real Player..</li> </ul> <p>Aventura na web: introdución ó emprego do ordenador na elaboración de material didáctico a través Webquest e EDILIM para realizar creación e modificacións de actividades (crucigramas, sopa de letras, imaxes, actividades de texto, asociacións...). miniquest, webquest e cazas do tesouro.</p>
<p>1 sesión na última semana de maio.</p> <p>Total= 2 h</p>	<p>Conclusións e avaliación da actividade do Abalar. Memoria Final.</p> <p>Traballo do grupo.</p>

## 6. METODOLOXÍA.

A metodoloxía deberá facer fincapé nos coñecementos adquiridos previamente polo profesorado e o alumnado e a partir destes ampliar con outros novos, tendo sempre en conta o principio de actividade no que o discente é protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe.

Como resumo, os principios que deberían rexer a metodoloxía aplicable poderían ser:

- Flexibilidade en canto ós aspectos organizativos de espazos, tempos e agrupamento.
- A actividade do alumnado entendida nun dobre sentido: por unha banda a aprendizaxe ten que ser autónoma e ten que facer sentirse ó alumnado protagonista da mesma, pola outra ten que ser activa onde non só se poñan en funcionamento aspectos cognitivos, se non tamén aspectos motóricos e manipulativos, rompendo así a aparente oposición entre xogo e traballo.
- Utilización óptima dos recursos dos que dispón o centro relacionados coas TICs.
- Progresiva globalización e integración das áreas. Tratamento interdisciplinar dos contidos comúns.

Por este motivo a metodoloxía elixida consiste en simultanear a formación do profesorado, que ha de ser eminentemente práctica, co desenvolvemento de actividades con uso das TICs nas aulas, e co constante apoio e asesoramento do coordinador, do resto do grupo e da Rede TICs formada

pola Consellería. É fundamental, pois, partir dun nivel de coñecementos baixo e facer unha reunión quincenal de apoio para manter a implicación de todo o profesorado participante e detectar as necesidades menores de formación.

Pretendemos que o traballo coas TICs repercuta en todo o alumnado do centro, e de maneira moi especial naqueles con necesidades educativas especiais.

Tendo en conta a alta participación do profesorado no proxecto, conseguiríamos que, a través dunhas e outras materias, os alumnos adquiran soltura no manexo das TICs para buscar información, fortalecer a expresión escrita, comunicarse con outros alumnos, crear contidos, etc...

## **6.- ORGANIZACIÓN DE RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.**

O grupo de mestres que pretende levar a cabo este plan de formación amosa un nivel de usuario. Todos/as contan cunha preparación mínima ou suficiente no emprego das TIC como para acadar os obxectivos do proxecto de formación. Este grupo está integrado por especialistas e titores que dun xeito ou de outro empregan os novos medios nas súas aulas ou nas materias que imparten, ben como apoio ou de xeito habitual, tanto dentro como fóra da aula.

A organización de recursos humanos é un pilar fundamental neste obradoiro polas características e reto que supón para un grupo de profesores-as e alumnos-as traballar por vez primeiras nun aula destas características. Preténdese crear unha estrutura de formación interna que permita traballar de xeito colaborativo, solidario como nunca antes o fixéramos.

Atendendo aos niveis de formación en TICs e a súa didáctica e aos intereses detectados, así como ás posibilidades horarias, créanse grupos e subgrupos de ensinoaprendizaxe.

Os **recursos materiais** cos que conta o centro son equipos informáticos de moi distintas características:

- Pantalla dixital interactiva á que se lle pode conectar un ordenador con conexión a web a través da rede wiffi.
- Aula informatizada do centro con 15 equipos (PC) conectados a rede.
- Aula informatizada do concello con 12 equipos (NC) conectados á rede.
- 2 Cámaras dixitais.
- Software proporcionado pola Consellería de Educación e polas distintas administracións e organizacións educativas e culturais.

- Espazo web e acceso a rede da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Conexión wifi en todo o centro
- 2 Aulas Abalar (pendentes da súa instalación).

## **7. Avaliación.**

A avaliación constitúe un elemento máis do proxecto e debe constituir unha ferramenta para reflexionar sobre as actuacións realizadas, as causas que poden dificultalas (ou facilitalas) e para buscar estratexias de mellora, tendo en mente o concepto de mellora continua.

O proceso de avaliación quedará centrado na consecución dos obxectivos propostos no, de forma que a propia utilización dos medios informáticos: ordenador e internet e na elaboración de material didáctico e na web, tanto de xestión como de traballo de aula, supón claramente a confirmación de ter acadado o obxectivo primordial proposto: a utilización da informática nas programacións de aula e na preparación das clases.

A proposta do seminario é establecer dúas fases de avaliación:

INICIAL. Trataríase de verificar as necesidades de formación e recursos precisos.

FINAL a realizar en base a CONSECUCIÓN dos OBXECTIVOS.

A avaliación estará presente durante todo o proxecto, e será fundamental para introducir as correccións que a propia marcha do mesmo vaia aconsellando.

Feita esta observación, deberemos considerar, non obstante, os seguintes criterios:

- Grado de aproveitamento das actividades de formación orientadas ó profesorado.
- Idoneidade da metodoloxía empregada nas actividades de formación para o profesorado.
- Funcionamento e optimización dos recursos tecnolóxicos das aulas abalar do Centro e idoneidade dos programas educativos empregados.
- Nivel de utilización das TICs por parte de todos os membros das aulas abalar.
- Grao en que as TICs teñen contribuído a mellorar as competencias do alumnado e a incrementar a súa motivación cara as tarefas escolares.

Todos estes indicadores nos proporcionarán, sen dúbida, datos e conclusións que nos permitirán elaborar propostas de mellora con novos enfoques e iniciativas para cursos vindeiros

## 8. NECESIDADES ORZAMENTARIAS, DE ACORDO CO ESTABLECIDO NA BASE NOVENA DA CONVOCATORIA

O proxecto contará cun orzamento total para o seu desenvolvemento de 1200 € do cal (900 €) corresponde á docencia e intervención de persoas expertadas, e o restante a material funxible.

<b>Conceptos</b>		
<b>Gasto estimado</b>		<b>1200 €</b>
<b>MATERIAL FUNXIBLE:</b>		
<b>Material informático:</b>	• Memorias USB.....	<b>250 €</b>
<b>Reprografía:</b> <i>(libre distribución)</i>	Fotocopias orixinadas..	<b>50 €</b>
<b>DOCENCIA:</b>  Eduardo R. Rodríguez Machado	  Docentes expertos Coordinador Abalar	  <b>900 €</b>

## 9. INDICACIÓN EXPRESA DE QUE PARA ESTE PROXECTO DE FORMACIÓN E ASESORAMENTO EN CENTROS NON FOI RECIBIDA NINGUNHA OUTRA ACHEGA ECONÓMICA E QUE NON SE TEN SOLICITADA.

D Eduardo Rafael Rodríguez Machado, como coordinador do proxecto de formación e asesoramento en centros: ***“Emprego da Aula Abalar: Ferramentas e aplicación na Escola 2.0”*** fago ***indicación expresa*** de que para este proxecto ***non foi recibida ningunha outra achega económica e que non se ten solicitada.***

## ANEXO. PARTICIPANTES

	<b>DNI/NIE</b>	<b>Apellidos e nome</b>	<b>Centro</b>
1	53160032V	ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, INÉS	15005014 - CEIP Raquel Camacho
2	76341483K	ANTELO CAMBEIRO, FLORINDA	15005014 - CEIP Raquel Camacho
3	32438712H	ASOREY CARBALLEIRA, MARÍA ESTRELLA	15005014 - CEIP Raquel Camacho
4	76331160W	BARREIRO RIAL, MARÍA JESÚS	15005014 - CEIP Raquel Camacho
5	32672073K	BLANCO LÓPEZ, EVA MARÍA	15005014 - CEIP Raquel Camacho
6	32439212N	CAAMAÑO AMEJEIRAS, CARMEN	15005014 - CEIP Raquel Camacho
7	76329526R	COLLAZO NAYA, MARÍA EVA	15005014 - CEIP Raquel Camacho
8	46900204F	FERNÁNDEZ MOSQUERA, RAQUEL	15005014 - CEIP Raquel Camacho
9	32422174V	GÓMEZ ORGEIRA, GUMERSINDA	15005014 - CEIP Raquel Camacho
10	33311737D	LÓPEZ RANCAÑO, MARÍA DEL CARMEN	15005014 - CEIP Raquel Camacho
11	32441737F	MÍGUEZ AREOSA, MARÍA JESÚS	15005014 - CEIP Raquel Camacho
12	34243207W	MIRANDA MÉNDEZ, PILAR A.	15005014 - CEIP Raquel Camacho
13	76813078R	MOSTEIRO NEIRA, ROSA MARÍA	15005014 - CEIP Raquel Camacho

14	76320245N	NEGREIRA RELLÁN, DOLORES	15005014 - CEIP Raquel Camacho
15	32418368Y	NEIRA SUÁREZ, JOSEFA MARÍA	15005014 - CEIP Raquel Camacho
16	32785052R	OURO SOUZA, MARÍA CARMEN	15005014 - CEIP Raquel Camacho
17	76814706L	PAYO SOENGAS, PILAR	15005014 - CEIP Raquel Camacho
18	32609995C	PÉREZ GARRO, MARÍA DEL CARMEN	15005014 - CEIP Raquel Camacho
19	32766986J	ROCA LODEIRO, MARÍA DE LOS ÁNGELES	15005014 - CEIP Raquel Camacho
20	32825008Y	RODRÍGUEZ MACHADO, EDUARDO RAFAEL	15005014 - CEIP Raquel Camacho
21	32429048Z	SIGUENZA VÁZQUEZ, JOSÉ JOAQUÍN	15005014 - CEIP Raquel Camacho
22	32798827E	SOUTO PAN, BEATRIZ	15005014 - CEIP Raquel Camacho
23	53167052E	VARELA GONZÁLEZ, MARTÍN	(!) 15019311 - CEIP María Barbeito e Cervino
24	33291183V	VARELA TEMBRA, JUAN JOSÉ	15005014 - CEIP Raquel Camacho
25	36167850M	PÉREZ AMENEIRO, ALBERTO	15005014 - CEIP Raquel Camacho